

Inma Otero entrevista a Gonzalo Hermo

Gonzalo Hermo (Taragoña, Rianxo, 1987): licenciado en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela, actualmente prepara a súa tese doutoral e imparte docencia en dita universidade. Os seus primeiros textos viron a luz en publicacións como *Dorna* e *Revista das letras*. Deu ao prelo os libros de poemas *Crac* (Barbantesa, 2011, premio Xuventude Crea da Xunta de Galicia) e *Celebración* (Apiario, 2014, Premio da Crítica). En 2014 estréase a versión fílmica de *Crac*, dirixida por Lázaro Louzao. Poemas da súa autoría foron traducidos ao castelán en diversas revistas e antoloxías, como *Novas de poesía* (coordinada por Ana Gorriá para la Fundación Uxío Novoneyra) ou *Como cantan las piedras* (Puerto Rico, Isla Negra). Mantén activo na rede o blog *Tomando notas nunha escola para resentid@s*.

*É inevitable facer referencia ao Premio da Crítica Española 2014 na modalidade de poesía que recaeu no teu segundo poemario, Celebración. Esperabas este recoñecemento e os comentarios tan positivos que recibiu? É fácil escribir despois disto?*

Non esperaba unha recepción especialmente favorable, entre outras cousas porque intuía que *Celebración* podía non gustar a aquelas persoas que si gustaran de *Crac*. Se che son completamente sincero, tiña medo a que o novo libro se lese en clave conservadora, como unha especie de paso atrás con respecto ao primeiro. Tiven a sorte de ser entendido e nada disto sucedeu: *Celebración* achegoume a novos lectores e coido que non perdín os que xa tiña. Sobre o Premio da Crítica, son consciente de que houbo dous factores que xogaron un papel no feito de que eu o levase: por unha banda, o recoñecemento á iniciativa editorial que representa Apiario; pola outra, unha aposta estratéxica por parte da crítica para impulsar a poesía dos novos. Mesmo así, non deixa de ser un premio a unha obra en particular e a min como autor dela. Estou moi agradecido pero o sentido da responsabilidade, de agora en diante, vai ser grande.

*Celebración é o primeiro libro publicado pola editorial Apiario, dirixida polas tamén poetas Antía Otero e Dores Tembrás, que adoptan un procedemento de edición moi coidado e artesanal. Por que escolliches esta editorial? Que che achegou fronte a outras editoriais máis consolidadas?*

As condicións que me puxeron enriba da mesa Antía e mais Dores foron difíciles de rexeitar. A poesía sufriu os estragos da crise en termos de volume de publicación, pero tamén na calidade das edicións. Contra iso, Apiario reacciona revalorando o libro como obxecto, mimando a edición. Creo que é unha aposta intelixente: o público de poesía en galego é reducido pero é fiel e esixente. Coa dinámica dos últimos anos, en que se viñeron publicando fundamentalmente gañadores de premios literarios en edicións o máis económicas posibles, desatendeuse esta realidade. Creo que é unha sorte para a

literatura galega que exista Apiario. Temos unha poesía dunha calidade moi alta e o sistema editorial que debера darlle soporte, en termos xerais, non estivo á súa altura.

*Díxose en moitas ocasións, e neste momento tamén se retoma o tópico, que a poesía era o grande xénero da literatura galega. Mesmo poetas non galegos teñen gabado a calidade da lírica. Estás de acordo?*

A experiencia que teño de levar a poesía galega fóra das nosas fronteiras é sempre positiva. Falo de recitais, dalgunha conferencia que dei a xeito de panorámica e tamén de recomendacións a título individual. Somos uns completos descoñecidos mesmo no contexto do estado e teño a impresión de que sobre nós se detentan dous prexuízos opostos pero complementarios: ou ben se considera que facemos unha poesía que segue estritamente as modas da poesía en castelán ou se nos imaxina escribindo coplas e muiñeiras. A poesía galega ten unha tradición de ruptura que se remonta a Rosalía e que se estende ata o momento presente. Sempre sorprende que sexamos tan libres á hora de escribir. E coido que si, que aínda que en Galicia haxa poetas bos e malos, coma en todas as partes, en xeral escríbese unha poesía disposta a asumir riscos, probablemente porque non temos nada que perder.

*Na túa opinión, que faltaría para que a poesía galega traspasase as fronteiras da propia lingua?*

Teño a sensación de que a posibilidade de saír fóra depende moitas veces do círculo de relacións persoais que o autor (ou a editora que o apoia) manteña cos principais axentes doutros sistemas literarios. É certo que unha poeta galega que non teña unha obra de calidade dificilmente vai ser traducida ao inglés ou ao español, pero habería que ser moi inxenuo para pensar que a calidade é o único criterio en xogo. A proba diso está nos casos de poetas canónicos en Galicia que non gozan de proxección fóra. Para salvar esa eiva, debера haber unha política cultural destinada a tender pontes con outros sistemas literarios e facilitar os procesos de tradución. Toda a difusión e o éxito que se consiga fóra repercute dentro en termos de atención e valoración do xénero e dos seus produtores.

*Celebración, malia o optimismo do título, semella comezar como a verbalización da consciencia dunha perda, dun final, sen que se especifique o tipo. Buscabas unha lectura aberta, mesmo abstracta?*

Non me gusta subestimar os lectores nin me interesan os discursos mastigados. Creo na lectura como unha tarefa activa, na mesma medida en que o é a escritura. A miña obra non parte da nada, hai un home detrás comendo, vivindo e respirando. Pero tamén penso que as circunstancias vitais que me levan a min a, por exemplo, interesarme pola perda

non deben importar. Debera interesar o discurso que ofrezco en forma de libro. Creo no valor dos textos literarios máis alá da biografía dos seus autores e por iso na portada de *Celebración* non figura o meu nome. Non é un xesto de modestia, é unha chamada de atención moi clara para quen se achegue ao libro. Como se lle estivese dicindo aos lectores: “Ollo, que aquí non hai capitán nin mariñeiros, soamente hai navío”.

*Na celebración que acompaña o saberse libre parece perderse nervio, intensidade emotiva. Iría por este camiño o verso “Non amaremos a ruína como amamos a culpa”?*

A vida nova que se deseña no poema que mencionas ten que ver con non sucumbir á saudade. É unha vida sen culpa e sen melancolía (unha e outra camiñan acotío da man), sen a tentación de caer na contemplación extasiada da ruína. A melancolía inmoviliza e impide gozar. Penso que o presente nos marca a necesidade dun suxeito diferente ao poeta cantor do paraíso perdido: un suxeito libre, alegre, activo.

*Celebración está feito de palabras pero tamén de imaxes moi potentes. Quen le pode visualizar un universo frío, pintado en brancos impolutos baixo a ameaza constante de ser luxado pola mancha latente. En Crac aconte algo semellante. De feito fíxose unha curtametraxe baseada no teu primeiro poemario. Ata que punto son importantes as artes visivas na túa obra?*

Téñenme dito que a miña poesía é moi visual. É algo que non deixa de sorprendeme porque eu teño a percepción de que é máis sensorial ca visual, que entra antes pola pel ca polos ollos. O pouco que sei sobre a imaxe vénme polo cinema. É a expresión artística que mellor coñezo e coa que máis gozo, man a man coa literatura.

*Entre os múltiples xogos de contrarios que funcionan no libro atópase o da racionalidade e a emoción, cerebro e corazón. Oponse quen ao ver un cisne reacciona “medíndolle o contorno por brazadas” a quen goza da súa beleza. Ás veces é necesario prescindir da razón?*

Pasamos a vida termando dese equilibrio, non é? Somos suxeitos na medida en que estamos suxeitados a unha orde social que rexe os principios da nosa relación co mundo, pero ao mesmo tempo somos corpos desexantes cuxas pulsións escapan da conciencia racional. Non creo que haxa arte que se ocupe do humano capaz de ser allea a esa tensión entre corazón e cerebro.

*Crac semella máis transparente e cunha maior carga de denuncia social, incluso se percibe unha reivindicación das identidades minorizadas, colectivas e persoais. En que se parecen os dous libros e en que se diferencian?*

En *Crac* estaban a Hiroshima de Marguerite Duras, o París de Cocteau ou a Galicia de posguerra de Ferrín. É unha escrita concibida desde a escrita dos mestres, en sintonía coas correntes que apostan por reler os grandes discursos da modernidade cos ollos ben abertos. Do meu punto de vista, esa estratexia está esgotada. Se a Historia non acabou coa caída do Muro de Berlín, a historia do poema non acabou tampouco. Non podemos conformarnos con glosar as glorias pasadas, habemos crear novos horizontes. Máis alá de que o conseguise ou non, *Celebración* parte desa premisa anovadora: existen novas posibilidades para a arte, novas formas e discursos que explorar para o poema.

*En Crac aparece unha violencia máis explícita, a do servo e a do sádico, que en Celebración parece substituírse por unha tensión máis contida. Incluso se reflicte esta evolución na relación corpo-escrita. De feito en Crac aparece o rexistro escrito como axuste de contas no comezo e final do libro. No primeiro texto aparece “o meu poema é só un acto de vinganza”, mentres que no último recóllese “E se volvo será para fenderte á metade de vez / e enterrar para sempre esta escrita afectada”. Que importancia ten na túa obra a interacción entre corpo, escrita e memoria?*

Importancia? Toda. Non dou saído desas tres realidades cuxa relación mutua continúa a parecerme un enigma. Somos animais lingüísticos. Temos a capacidade de lembrar. E, ademais, escribimos. Hai algo fascinante en todo iso que non sei explicar e que espero non saber explicar nunca porque daquela é moi probable que deixase de escribir.

*Na túa obra percíbense moitas referencias, cítense ou non, da cultura contemporánea. Se tiveses que escoller, con que autores ou correntes da lírica actual te identificas máis, tanto de Galicia como de fóra?*

Hai tempo que a nación de calidade literaria se vén poñendo en cuestión desde perspectivas non inmanentes da literatura. Estou de acordo en que hai que recoñecer moitos matices nese concepto, pero tampouco podo negar que cando leo un poema bo esa consideración se me amosa incontestable. Interésame a poesía que me alenta a reformular os meus propios esquemas persoais e autoriais, a que me interroga e me cuestiona ou a que me ofrece un momento de beleza. Non me interesan os textos narcisistas nin as iconas literarias. O que lle pido a un libro de poesía é que, cando menos, haxa un discurso que o sosteña. Todo o demais me semella baleiro.